

OBRADOIRO “LÁNZATE A EMPRENDER EN COOPERATIVA” [

En colaboración coa Rede Eusumo - CÁRITAS BOIRO – CONCELLO DE BOIRO]

DATAS REALIZACIÓN	Do 13 ao 16 de setembro de 2022	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	De 9:30 a 14:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Centro Social, Rúa Manuel María, 1, 15930, Boiro (A Coruña)		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE [PREME AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo á cidadanía e en especial ás persoas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

PROGRAMA E CONTIDOS

Módulo 1.- O emprendemento.

Módulo 2.- Características das empresas cooperativas

Módulo 3.- A organización nas empresas cooperativas

Módulo 4.- Pasos para a constitución e experiencia cooperativa.

CONTIDOS

Módulo 1.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. O emprendemento fronte a outras formas de emprego. O emprendemento colectivo e en cooperativa: Condicións básicas. Perfil da persoa emprendedora. As cooperativas fronte a outros tipos de empresas.

Módulo 2.- Principios e valores do cooperativismo. Tipos de Cooperativas. As cooperativas de traballo asociado. Aspectos propios das cooperativas de traballo asociado.

Módulo 3- A organización nas sociedades cooperativas. O réxime económico e fiscal nas cooperativas. A viabilidade económica e societaria.

Módulo 4- Proceso de constitución. Presentación dunha experiencia cooperativa por persoas integrantes da mesma. Avaliación do obradoiro.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

O obradoiro diríxese a persoas socias e/ou asalariadas de cooperativas e outras empresas da economía social, a persoas que estean desenvolvendo un proxecto de emprendemento en cooperativa. Persoas interesadas en formar parte de empresas participativas e a todas as persoas interesadas na aprendizaxe práctica das habilidades para o traballo en equipo. Darase prioridade no acceso ao curso ás mulleres e as persoas pertencentes aos colectivos prioritarios.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2022 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social – POISES- convocado por CEPES e financiado polo Fondo Social Europeo (FSE).